

## **SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL NOVE.**

No Concello de Láncara, sendo as dezanove horas trinta minutos do día catro de febreiro de dous mil nove, réunese no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar os asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. Arturo Sobrado Castro, D. José Manuel García Aldegunde, D. Celestino Rodríguez González, D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. Carlos Fernández Díaz, D. Eladio Capón López, D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Álvarez Rodríguez, D. Andrés Manuel Caballero López e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Dario A. Piñeiro López, e actúa de Secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia, dáse conta dos seguintes asuntos:

**1º.-RATIFICACIÓN CAMBIO DE DATA SESIÓN ORDINARIA DE 29 DE XANEIRO A 4 DE FEBREIRO.**

**2º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2008.**

**3º.-DECRETOS DA ALCALDÍA :**

**DECEMBRO:**

**-Nº 332 abastecemento de augas a Touville e Mourillón.**

**XANEIRO:**

**-Nº 4 Reglamento Anexo Axuda no Fogar.**

**-Nº 6 Programa Individual de Atención a D<sup>a</sup> Otilia López Amado.**

**-Nº 11 Sobre encargo de materiais de todo tipo.**

**-Nº 12 Manifestando que a Alcaldía será a encargado de solicitar tódolos orzamentos e encargo de traballos.**

**-Nº 18 Sobre obrigacións das empresas que traballen para o Concello.**

**4°.-SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS “ELECCIÓN A PARLAMENTO DE GALICIA 2009”.**

**5°.- RECOÑECIMIENTO EXTRA XUDICIAL DE OBRIGAS, EXERCICIO 2008 , A PAGAR CON CARGO Ó ORZAMENTO DO ANO 2009.**

**6°.-PARQUE EÓLICO DE PÁRAMO, PROBLEMA EN SINAIS DE TELEVISIÓNS.**

**7°.-FACTURA EUSEBIO LOUREIRO MARTÍNEZ:OBRAS ARMEA DE ABAIXO A PISTA DE ILLOA.**

**8°.-ALEGACIÓNS PLAN XERAL.**

**9°.-RETRIBUCIÓNS PERSOAL ANO 2009.**

**10°.-CONSTRUCCIONES CLELIA, S.L. : URBANIZACIÓN FINCA VALDRIZ (CESIÓNS).**

**11°.-ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL SOBRE O RÍO SARRIA EN RONFE (LÁNCARA-LUGO).**

**12°.-EXPEDIENTE “REPARACIÓN PONTÓN SOBRE REGATO DA CARBALLOSA EN SOUTO E REXENERACIÓN DE FIRMES NOS NÚCLEOS DE TOLDAOS, BANDE, OUTEIRO, QUINTAS, VILLOUZAN, RÍO, CASANOVA E PEREIROCEDO NO CONCELLO DE LÁNCARA.**

**13°.-ESCRITO DE JESUS NÚÑEZ TREBOLLE, SOBRE DENUNCIA Ó SEU CONVECÍÑO DON JOSÉ LUIS PÉREZ GONZÁLEZ.**

**14°.-CÁMARA DE LUGO, ESTATUTOS DO PATRONATO PROVINCIAL DE TURISMO.**

**15°.-ESCRITO DE JOSÉ CASTRO TORRES, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN COTO SANTA BARBARA, SOLICITANDO SUBVENCIÓN ECONÓMICA.**

**16°.-DAR CONTA DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALIZA, RECURSO 0004431/2008.**

**17°.-MOCION DA ALCALDIA SOBRE RECOÑECIMIENTO A “EL PROGRESO” CON MOTIVO DO SEU CENTENARIO.**

**18°.-MOCIÓNS :**

**PSOE:**

**-DARIO A. PIÑEIRO LÓPEZ , PARA INSTAR ÁS EMPRESAS SUMINISTRADORAS DE ENERXIA ELÉCTRICA DO CONCELLO Ó ACONDICIONAMENTO E RESTRUCTURACIÓN DO ALUMEADO ELÉCTRICO.**

**-ARTURO SOBRADO CASTRO, SOBRE CREACIÓN DUNHA COMISIÓN FORMADA POR TÓDOLOS GRUPOS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL PARA RETOMAR O PROXECTO DA ESTRADA DE LÁNCARA.**

**-ARTURO SOBRADO CASTRO, SOBRE AXUDA ECONÓMICA A ESTUDIANTES DE LÁNCARA QUE SE TRASLADEN FORA DO CONCELLO PARA REALIZAR ESTUDOS.**

**P.P.:**

**-MOCIÓN DE ANDRES CABALLERO , SOBRE CREACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.**

**-MOCIÓN DE ELADIO CAPÓN LÓPEZ, SOBRE MARXINACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO NOS PLANS DO MINISTERIO DE FOMENTO E DA XUNTA DE GALIZA.**

**-MOCIÓN DE JOSÉ MANUEL NEIRA CASTRO, SOBRE ADICACIÓN DUNHA RÚA EN POBRA DE SAN XIAO A JOSÉ GARCÍA PAREDES.**

**-MOCIÓN DE ELADIO CAPON LOPEZ, SOBRE PROPOSTA DE NOME A PRAZA PÚBLICA DO CONCELLO.**

**BNG.:**

**-MOCIÓN SOBRE A CREACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL.**

**-MOCIÓN SOBRE A SITUACIÓN DO CAMIÑO QUE UNE LÁNCARA CON SOBRADO, NO TRAMO DA ENTRADA Á PEDREIRA.**

**19°.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**1°.-RATIFICACIÓN CAMBIO DE DATA SESIÓN ORDINARIA DE 29 DE XANEIRO A 4 DE FEBREIRO.**

Visto que a data para celebrar o Pleno Ordinario era o día 28-01-09.

Visto que nesta data non se podía levar ó Pleno o sorteo dos membros das mesas, polo que parecía máis adecuado retrasalo unha semana e levar este sorteo.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDO:**

Declarar a sesión Plenaria do día 04-02-09 de carácter ordinario, substituído de data 28-01-09.

## **2º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2008.**

Visto o borrador da Acta da Sesión celebrada o día dezanove de decembro de dous mil oito, éste foi aprobado por unanimidade (11 de 11).

## **3º.-DECRETOS DA ALCALDÍA :**

### **DECEMBRO:**

#### **-Nº 332 abastecemento de augas a Touville e Mourillón.**

Visto o decreto da Alcaldía Nº 332, sobre abastecemento de augas a Touville e Mourillón.

O Pleno por unanimidade,

#### **ACORDOU:**

Ratificar o decreto da Alcaldía Nº 332, en todo o seu contido, afrontando por conseguinte as obras do abastecemento das tres casas de Mourillón con cargo ó orzamento do exercio 2008, partida orzamentaria.---..

### **XANEIRO:**

#### **-Nº 4 Reglamento Anexo Axuda no Fogar.**

#### **-Nº 6 Programa Individual de Atención a Dª Otilia López Amado.**

#### **-Nº 11 Sobre encargo de materiais de todo tipo.**

**-Nº 12 Manifestando que a Alcaldía será a encargado de solicitar tódolos orzamentos e encargo de traballos.**

#### **-Nº 18 Sobre obrigacións das empresas que traballen para o Concello.**

Vistos os decretos epigrafiados .

O Pleno por unanimidade,

#### **ACORDOU**

Darse por enterado dos mesmos , ratificando o contido dos mesmos.

## **4º.-SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS “ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2009”.**

Sorteados os membros de mesas a través do programa de ordenador facilitado por Wurth, saíndo eleixidos os 54 membros das 6 mesas electorais, a razón de 9 por mesa, Presidente e dous vocais titulares, máis dous suplentes por cada posto, facendo un sorteo complementario, para o caso de ter que nomear novos suplentes, sempre que algun dos postos quedase sen membros por exclusión das pesosas designadas.

O Pleno por unanimidade dos asistentes,

#### **ACORDOU:**

1º.-Ratificar o resultado do sorteo realizado ó consideralo totalmente axustado a dereito.

2º.-Remitir á Xunta Electoral de Zona a relación de membros das mesas.

**5º.- RECOÑECEMENTO EXTRA XUDICIAL DE OBRIGAS,  
EXERCICIO 2008 , A PAGAR CON CARGO Ó ORZAMENTO DO ANO 2009.**

Vista a relación de facturas correspondente o exercicio 2008, pendentes de pago:

**OBRADOIRO DE EMPREGO, 2ª FASE:**

Jesús y Páramo, S.L., fac. nº 44, viaxes cachote colexio de Lán cara	417,60
Touron, S.L., fac. nº FV1/343,ferro, malla e arame .....	243,76
Maderas Díaz Calvo, fac. nº 100882,diversos mate. escola Armea ...	159,66
Alquiler Ceao, S.L., fac. nº 2081002572, alugamento boquillar .....	148,17
Alquiler Ceao, S.L., fac. nº 2081002573, aligeres.....	417,92
Laboratorios de Biotecnología, fac. nº 08/09764, tra. Es. Lán cara	1.020,80
Villafiz Carretillas, S.L., fac. nº A/582, aluger pla.....	343,94
Villafiz, CB, fac. nº 29, materiais escola de Lán cara .....	732,11
Villafiz, C.B, fac. nº 30, materiais obra de Carracedo.....	239,47
Maderas Díaz Calvo, fac. nº 101011/08, mate. módulo carpintería	3.814,25
Canpesa, fac. nº B/1003, materiais obra Carracedo.....	452,06
Cante. Indu del Bierzo, S.A.,fac. nº P511-000460-08, Carracedo..	2.619,21
Cante. Indu del Bierzo, S.A.,fac. nº P507-001983-08, Carracedo.....	895,75
Loyo, fac. nº FV/166, calibrado de fiestras .....	224,46
Hormigones Sarria, S.L., fac. nº A 509,obra Igrexia de Muro .....	176,55
Hierros Ferreiro S.L., fac. nº 8220003714, materi. Archivo .....	1.647,83
J. Salvador Bande, fac. nº 113, materias obra arquivo .....	1.478,13
Alquiler CEao, S.L., fac. nº 2081002859, aluger formigoneira .....	109,83
J. Salvador Bande, fac. nº 114, materias obras Igrexia de Muro .....	1.265,54
ALU-D3, fac. nmº 52, materias obra arquivo.....	774,20
Jesús y Páramo, S.L., fac. nº 62, obra de Carracedo.....	904,80
Torneiro, S.A., fac. nº 73402, mate. módulo carpintería .....	181,82
Canpesa, fac. nº B-1058, obra Carracedo .....	370,42
J. Salvador Bande, fac. nº 119, materias obra Armea.....	239,20
Sarria de Canalón, S.L., C-056/08, materias es. Lán cara .....	1.044,00
Celso Miguez, fac. Nº 31330/01, mate, esc. Lán cara .....	326,25
Mármoles Vilaro C.B., fac. Nº 76, rodapiés e granito.....	141,52
Maderas Díaz Calvo, fac. nº 101138/08, mate. módulo carpintería ...	349,52
Villafiz, C.B, fac. nº 33, materias obra de Carracedo.....	831,36
Celso Miguez, fac. nº 31743/01, mate. escola de Lán cara .....	189,02
Puertas de Madera Loyo, fac. nº FV183, materi. Carpintería.....	412,38
Maderas Besteiro S.L., materias escola de Armea .....	211,29
Canpesa, fac. nº B/1109, materias obra Carracedo.....	182,33
Alquiler Ceao, S.L, fac. nº 2081003138,aluger formigoneira .....	151,29
Torneiro, S.A, fac. nº T/3204, mate. Módulo carpinteria .....	227,36
Torneiro, S.A, fac. nº T/73761, mate. Módulo carpintería .....	312,47
Cubeiro, fac. Nº 22, portes mate. Igrexia de Muro.....	794,60
<b>Canteras de Muro S.L., fac. nº 001757, abono .....</b>	<b>-341,40</b>

J. Salvador Bande, fac. nº 131, obra fonte de Crescón .....	689,39
J. Salvador Bande, fac. nº 132, mate. fonte de Crescón .....	342,20
J. Salvador Bande, fac. nº 133, mate. obra de Armea.....	203,06
Canpesa, fac. nº B/1147,materias obra de Carracedo .....	132,41
Torneiro, S.A., fac. nº 74007, materias módulo carpintería .....	120,83
Loyo, fac. nº FV/195, materias módulo carpintería.....	344,52
J. Salvador Bande, fac. nº 139, mate. obra Igrexia de Lama .....	330,60
J. Salvador Bande, fac. nº 140, mate. obra arquivo .....	60,23
Mármoles Vilaro C.B, fac. nº 81, mate. escola Armea de Arriba.....	174,00
J. Salvador Bande, fac. nº 141, mate, Igrexia de Lama .....	208,80
<b>Celso Miguez, fac. nº abon. 01779/01 kilate Branco .....</b>	<b>-107,88</b>
Comercial Luseiro, fac. nº 339, diversos materiais .....	251,24
Comercial Luseiro, fac. nº 340, diversos materiais .....	840,67
Comercial Luseiro, fac. nº 341, diversos materias arquivo Pobra.....	522,67
Comercial Lusiero, fac. nº 342, materias colexio de Armea .....	188,37
Comercial Luseiro, fac. nº 343, materias obra Stª Lama .....	46,20
Carpintería metálica Meleiro, fac. nº 25, mate. obra esc. Láncara ...	556,80
Villafiz, C.B., fac. nº 37, mater. Escola de Láncara .....	94,44
Villafiz, C.B., fac. nº 38, mate. obra de Carracedo.....	266,46
Maderas Díaz Calvo, fac. nº 101237, mate. carpintería .....	11,60
Alquiler Ceao, S.L., fac. nº 2081003422,aluguer formigoneira .....	194,37
Celso Miguez, fac. nº 35225/1, mater. Escola de Láncara .....	16,09
Carpintería Metálica, Meleiro, fac. Nº 26, praza Carracedo.....	2.278,47
Cubeiro, fac. nº 26, terra vexetal praz de Carracedo .....	835,20
Hormigones Sarria, S.L, fac. nº A574, peche Igrexia STa Mª Lama .	176,55
José L. Vilariño, fac. nº 00087, cristais Pobra e Láncara .....	591,60
<b>TOTAL.....</b>	<b>33.078,36</b>

#### FACTURAS CONCELLO:

Citroen, fac. nº 20081191, reparación Renault Clio .....	406,86
Canon , fac. nº 809234, copias 24-11 a 16-12-08.....	224,04
Eusebio Loureiro, fac. Nº 22, traballos pista nas Cortes .....	162,40
Eusebio Loureiro, fac. nº 23, retirar neve en Villouzan e Monseiro ..	365,40
EDP, fac. nº 0637648, materias Biblioteca.....	1.030,00
Mª Luisa Pando Caracena, fac. pro forma, recurso suplica .....	29,34
Neumáticos Sarria, fac. nº F/816, arranxo furgoneta.....	6,96
Cartafol, fac. nº F-2353, toner Epsonept, fotocopiadoras.....	337,39
Cartafol, fac. nº F-2351, toner OKI, impresoras.....	193,56
Sogama, fac. nº 4188, tratamento lixo decembro .....	5.362,62
Prelo, fac. nº 0800007972, plano corp. Cad .....	27,85
El Progreso, fac. nº 11889, propaganda institucional .....	208,80
Carmen S.M., fac. nº 290, diversos materiais.....	69,60
José L. Montes Pérez, fac. nº 0207/B08, reparacions LU-9006-P.....	72,00
Funeraria-Tanatorio Ventosinos, fac. nº 69, esquila e coroa, pai do	
Concelleiro José M. García Aldegunde .....	531,31
Páramo S.D., fac. nº 34,guias telefónicas .....	200,00
Agromar, S.L., fac. nº 08126, diversos materiais .....	156,41

Ferretería Vera, fac. nº 0151, bombien cerradura.....	30,74
Funeraria-Tanatorio Ventosinos, fac. nº 66,rosas vermellas .....	149,80
<b>TOTAL.....</b>	<b>9.565,08</b>

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Prestar aprobación ó recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2009, por importe de 42.643,44 € (Obradoiro de Emprego :33.078,36 € e Concello 9.565,08 ), con cargo ó presuposto do exercicio 2009.

2º.-Pagar estes gastos de forma preferente con cargo ó presuposto do exercicio 2009.

#### **6º.-PARQUE EÓLICO DE PÁRAMO, PROBLEMA EN SINAIS DE TELEVISIONS.**

Vista a proposta da Alcaldía , que di:

“Ante as queixas plantexadas polos veciños de Lán cara, debido ás interferencias e mala imaxen que reciben nas súas televisións , todo dende que se instalou por parte da empresa VIRANDEL S.L., o parque eólico “Serra de Páramo” e como continuación ó escrito que se mandou a Industria ó obxecto de que se intentara resolver este problema sin que ata o día da data se producira reposición ó estado anterior deste servizo.

É polo que propoño ó pleno que se tome acordo ó respecto, ó obxecto de esixir á Consellería de Industria unha solución urxente este problema ó mesmo tempo dar traslado deste acordo ó Concello de Páramo, Paradela, Sarria, Baralla, Becerreá, Lugo, Corgo, Triacastela, Incio , para que en caso de que os veciños teñan este problema se unan ó mesmo.

Iguialmente dar traslado á empresa Virandel S.L., para que como causante deste prexuízos, poña as medidas correctoras necesarias para solucionar o mesmo.”

Visto que un gran número de veciños do Concello esta sendo perxudicados polas interferencias dos senais que produce este parque dende que se puxo en funcionamento.

Visto que poñer en funcionamento un parque eólico sen ter en conta as emisoras de Televisión, existentes no entorno, xa que as mesmas non estaban recollidas no proxecto, e sen que se apliquen e se execúten unhas medidas correctoras para evitar estas interferencias na emisión e recepción de sinas televisivas, pode dar lugar a unha invalidez da autorización e en todo caso a suspensión da actividade mentres non se apliquen as medidas correctoras que eviten estes prexuízos.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Dirixirse a Consellería de Innovación e Industria, tanto o Conselleiro da mesma como o seu Delegado, para que revisen este expediente e esixan á empresa Virandel S.L. que execute de forma urxente as medidas correctoras necesarias que eviten as interferencias na recepción da imaxen Televisiva que se recibe das antenas existentes na serra do Páramo, e mentres non se apliquen estas medidas correctoras e se

solucionen tódolos problemas se suspenda como medida cautelar a actividade do Parque Eólico “ Serra do Páramo”.

2º.-Dirixirse igualmente á empresa Virandel S.L. , ó obxecto de que de forma urxente instale tódolos equipos necesarios para evitar que como consecuencia da actividade do parque eólico”Serra do Páramo”, da que é propietaria, se eviten tódolas interferencias que están afectando as imaxes televisivas das antenas que están na serra do Páramo, en todo o Término Municipal de Láncara.

3º.-Notificar ós Concellos que igualmente estarán afectados os seus usuarias pola mesma problemática que os de Láncara.

4º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **7º.-FACTURA EUSEBIO LOUREIRO MARTÍNEZ:OBRAS ARMEA DE ABAIXO A PISTA DE ILLOA.**

Vista a factura pro forma Nº 1 da obra Pista de Ulloa: ampliar pista dende o ponte á estrada, cargando e extendendo zahorra natural de Mourillón, cargar e extender zahorra de Baralla, e facer cunetas, etc, por importe de 10.561,86 €

Por parte do Sr. Alcaldeponse de manifesto que esta factura corresponde a traballos feitos por esta empresa na anterior lexislatura.

Por parte de D. Eladio Capón López, Alcalde na anterior lexislatura, manifesta que esta factura xa debería estar pagada e que é certo que se fixo unha obra de envergadura, consistente fundamentalmente na explanación e colocación de tubos antes de que viñera aprobada unha subvención da Excm. Deputación de Obras Comunitarias de 12.000,00 € e que con estes 12.000,00 €o que selle votou foi o firme e a factura corresponde ás outras obras.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU**

Prestar aprobación a dita factura con cargo ó presuposto do exercicio 2009, encadrandoa no recoñecemento extraxudicial aprobado anteriormente .

### **8º.-ALEGACIÓNS PLAN XERAL.**

Vistas as alegacións presentadas na última exposición pública do plan xeral.

Vista a acta da Comisión nomeada para estudar esta alegacións, que di textualmente:

**“ACTA DA COMISION DE URBANISMO PARA O ESTUDO DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL.-**

**En Pobra de San Xiao (Láncara), sendo as dezaseis horas corenta e cinco minutos do día 26 de Xaneiro de 2009, reúnense na Casa do Concello D. Arturo Sobrado Castro, representante do partido PSG-PSOE, D. Eladio Capón López, representante do partido P.P., D. Carlos Santiago López Sierra, representante do partido B.N.G., D. Antonio de Vega Rodríguez redactor do Plan. Preside a Sesión D. Dario Antonio Piñeiro López, Alcalde-Presidente do Concello, dando fé do acto D. José López Castro, Secretario do Concello.**



A continuación pásase a dar conta da reunión mantida polos representantes de cada partido para estudar das alegacións presentadas a raíz da última exposición do Plan Xeral.

Pasándose a continuación a estudar as alegacións, según a orde de información, dada por D. Antonio de Vega Rodríguez:

**ALEGACIÓN 1.485, de DONA PILAR CERVIÑO LOPEZ**

Según redactor no se refire ao obxecto da exposición pública. Non procede informar.

Según Comisión Informativa, estímase que é un suelo rústico e que o suelo urbán colindante co mesmo é o Campo da Feira, propiedade co Concello, clasificado como Servicios Xerais-Equipamento Comunitario, é dicir Solo Rotacional, polo que non procede estimar esta alegación.

**ALEGACIÓN 1.521, de DONA ALICIA VAZQUEZ LOPEZ**

Según redactor no se refire ao obxecto da exposición pública. Non procede informar.

Manifestase por D. Antonio de Vega, que en relación a esta alegación, non ampara á alegante a ter dereito a indemnización algunha.

Según Comisión Informativa considera que a marxe dereita de Rosalía de Castro, así como a marxe dereita de Concepción Arenal, non existe ningunha vivenda consolidada de tres nin de catro alturas, ademáis é unha zona totalmente enclavada en solo rotacional o atoparse ubicado na mesma o C.P.I. Ramón Piñeiro, Centro Médico e Pavillón Polideportivo, polo que non proceda estimar esta alegación.

**ALEGACION 1.548, de FERNANDO LOPEZ FERNANDEZ**

Según redactor no se refire ao obxecto da exposición pública. Non procede informar.

Según Comisión Informativa, non procede, tal como se asesora polo técnico redactor, ao ser imposible crear zona de expansión en solo rústico de protección de cauces. Suprimir a zona que se recolle no monte veciñal de man común ao non ser posible clasificar este como núcleo rural ou zona de expansión.

**ALEGACIÓN 1.524, de MANUEL FRANCISCO BANDE NEIRA.**

Según redactor no se refire ao obxecto da exposición pública. Non procede informar.

Según Comisión Informativa, débese corregir erro material e recoller na cartografía dentro do barrio dos labregos ás zonas de espacio público e vías.

**ALEGACIÓN 1.441, de PABLO PALLARES ALVAREZ.**

Según redactor no se refire ao obxecto da exposición pública. Non procede informar.

Según Comisión Informativa, recoñecer que existe un erro material na cartografía, xa que a casa ten proxecto e licencia municipal do ano 2002, é decir anterior a redacción do documento do Plan Xeral, erro material que tamén se debe corregir na ubicación da vivenda de Casimiro Siguero Peña tamén con proxecto e licencia do ano 2002.

**ALEGACION 1.329, de JULIA LOPEZ LOPEZ.**

Según redactor no se refire ao obxecto da exposición pública. Non procede informar.

Según a Comisión a Lei non permite facer compensacións para poder edificar en suelo rústico. Os núcleos rurais veñen delimitados polas edificacións existentes e no referente a exclusión do suelo de núcleo rural da superficie afectado pola protección do ferrocarril aceptar a alegación e excluír o mesmo do núcleo rural.

**ALEGACIÓN 1.242, de MARINA MOURELOS CAMIÑA.**

Según redactor no se refire ao obxecto da exposición pública. Non procede informar.

Según informa D. Antonio de Vega, técnicamente non é posible ao tratarse de finca situadas en protección de infraestructuras é o prohíbe a Lei, postura que en base de este asesoramento acepta a Comisión.

**ALEGACIÓN 1.330, de JOSE LUÍS LUGILDE SÁNCHEZ.**

Según redactor no se refire ao obxecto da exposición pública. Non procede informar.

Según a Comisión, considera non admitir a alegación ao considerar que o solo urbana remata donde debe rematar.

**ALEGACIÓN 1.159, de PROMOCIONES VALDRIZ, S.A.**

Según redactor no se refire ao obxecto da exposición pública. Non procede informar.

Según a Comisión no referente a finca Leira Grande considerase que de ser posible debe modificarse e suprimir parte da zona verde e pasala a zona edificable, polo que se debe facer un estudio da edificabilidade. No referente a zona alta de Valdriz, por parte do redactor do Plan D. Antonio de Vega, non é admisible urbanísticamente, polo que nunca o permitiría a Dirección Xeral de Urbanismo do que está disposto a emitir informe, polo que a Comisión en base a esto o considera inviable.

**ALEGACIÓN 1.424, de MANUEL LOPEZ LOPEZ / MERCEDES VAZQUEZ LOPEZ**

Según redactor no se refire ao obxecto da exposición pública. Non procede informar.

Según Comisión Informativa, non procede, tal como se asesora polo técnico redactor, ao ser imposible crear zona de expansión en solo rústico de protección de cauces. Suprimir a zona que se recolle no monte veciñal de man común ao non ser posible clasificar este como núcleo rural ou zona de expansión.

**ALEGACIÓN 1.425, de REMIGIO LEIRADO LOPEZ / MANUEL DIAZ VILLAR / MARGARITA RIVERA DIAZ**

Según redactor no se refire ao obxecto da exposición pública. Non procede informar.

Según informa D. Antonio de Vega, técnicamente non é posible ao tratarse de finca situadas en protección de estruturas é o prohíbe a Lei, postura que en base de este asesoramento acepta a Comisión. A Comisión considera necesario que se debe reflejar na cartografía tódolos espazos dotacionais existentes en Carracedo, o non vir recollidos na cartografía actual.

**ALEGACIÓN 2.116, de MANUEL LOPEZ LOPEZ / MERCEDES VAZQUEZ LOPEZ.**

É o mesmo que a alegación 1.424 e dos mesmos interesados.

**ALEGACIÓN 1.361, de JOSE TOIRAN PEREZ.**

Según redactor no se refire ao obxecto da exposición pública. Non procede informar.

Según a Comisión debe terse unha reunión co Delegado de Cultura ó obxecto de evitar agravios comparativos o considerar que se atopa na mesma situación que o solar de D. José Antonio Ferreiro González para o que a Comisión de Patrimonio manifestou que o informe era desfavorable pero non vinculante.

**ALEGACION N° 1.484, de ANTONIO BARROS GARCIA, EN REPRESENTACION DE SAPROGAL, S.A.**

Según redactor no se refire ao obxecto da exposición pública. Non procede informar.

Por parte do responsable da redacción do Plan D. Antonio de Vega, se manifesta que cando se tivo a reunión co Director Xeral de Urbanismo en Santiago

**quedou claro que era solo rústico e que o representante da empresa en aquel acto nin siquiera fixo comentario algún ao respecto, en base ao que antecede a Comisión considera que non se debe ter en conta esta alegación.**

**Finalmente tódolos asistentes a esta Comisión consideran necesario que se proxecte unha futura vía para dar acceso ao Parque Empresarial dende a Estación de Ferrocarril no termo municipal de Páramo, debendo ter en conta que existe un ben protexido como é o Muiño de Moreira cando se recolla o trazado desta vía. Tamén tódolos membros da Comisión, consideran que a zona verde que se recolle na cartografía entre o C.P.I. Ramón Piñeiro y o Centro Médico debe suprimirse, quedando o terreno propiedade do Concello como dotacional e o terreno particular igual que o resto de solo colindante co mesmo.”**

Visto que o Concello debe dispoñer de zonas dotacionais adecuadas que permitan no futuro un desenvolvemento adecuado en infraestructuras, polo que tódolos bens e propiedades do mesmo deberían clasificarse como dotacionais destacando que existen edificios e moitos terreos que sendo propiedade do Concello non levan esta clasificación, cando nos mesmos existen edificios e estruturas de carácter dotacional.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Solicitar ó reponsable director do Plan Xeral D. Antonio de Vega. Rodríguez , que no referente á alegación de D<sup>a</sup> Alicia Vázquez López o Concello en caso de existir algunha reclamación por vía xudicial non terá a obriga de indemnizar polos trocos sufridos nesta zona no novo plan, en relación as NN.SS en vigor.

2º.-Prestar aprobación as propostas feitas pola Comisión , debendo revisar a alegación N<sup>o</sup> 1.242 de D<sup>a</sup> Marina Mourellos Camiña, sobre terreo.

3º.-Debese clasificar como suelo dotacional a parcela propiedade do Concello onde se atopa colocado o depósito pequeno para abastecemento de auga potable, na parte superior do Campo da Feira., suxerencia que xa fixo o anterior equipo de goberno.

4º.-Debe ampliarse como zona dotacional o terreo existente entre a delimitación do parque empresarial e a actual depuradora de augas residuais, coa finalidade dunha futura ampliación cando se construa o parque empresarial.

5º.-Na zona da praia fluvial debese clasificar como dotacional a parcela propiedade do Concello ubicada na outra marxen do río, xa que recentemente se solicitou unha subvención a Consellería de Presidencia para construír unha pequena praza, ademáis a finalidade para a que foi doada por D. Luis Quiroga Piñeyro era esta, para ampliación da praia fluvial.

6º.-Debería contemplarse outra zona dotacional para instalación dunha futura depuradora, na parte inferior unha vez pasada a praia fluvial , que pudiera tratar no futuro as augas residuais da urbanización Valdriz, urbanización Jesalba e zona do Campo da Feira.

7º.-Debe adaptarse a zona do antigo matadoiro de polos a licenza que se concedeu a “Inversiones Jesalba S.L.” suprimindo o solo dotacional que se recolle actualmente e modificando posiblemente un vial .

8º.-Unha vez que se dispoña de toda esta información e se recolla na cartografía a mesma, remitir tódala documentación á Consellería de Medio Ambiente, ó obxecto de que emita o preceptivo informe.

9º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **9º.-RETRIBUCIÓNS PERSOAL ANO 2009.**

Vista a Lei de Presupostos Xeral do Estado “Lei 2/2008 de 23 de decembro,B.O. E do 24-12-08 , nº 309.

Visto o contido dos artigos 22,24,25,28 e demais artigos concordantes de dita Lei.

Visto o artigo 22.3, onde se regulan o incremento do 1% adicional co obxecto de lograr progresivamente unha acomodación das retribucións complementarias excluídas produtividade e gratificacións que permita a súa percepción en 14 pagas o ano, 12 ordinarias e 2 adicionais nos meses de xuño e decembro.

Visto que no apartado 4º do artigo 22 recollese a porcentaxe máxima que se pode destinar á aportación máxima de Plans de Pensións (0,5% da masa salarial).

Visto o apartado d) do artigo 24 , onde se recollen as cuantías por grupos para a contribución individual ó plan de pensións .

Visto que no apartado un.b) do artigo 28, estableceuse as cuantías das pagas extraordinarias , sendo a cuantía de cada unha de ditas pagas unha mensualidade do soldo, trienios e complemento de destino ,para os funcionarios, así como no apartado c) de dito precepto legal onde se recollen as cuantías referidas a 12 mesualidades, o nivel do complemento de destino, no apartado d) do mesmo precepto legal onde se recolle o complemento específico e a formula para calcular o mesmo xunto coas dúas pagas adicionais.

Vista a Resolución de 2 de xaneiro de 2009, da Secretaría de Estado de Facendas e Presupostos, publicada o día 03-xaneiro-2009, pola que dictan instrucción en relación coas nóminas de funcionarios, incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, de 2 de agosto , nos términos da disposición final 4ª da Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, e se actualizan para o ano 2009 as cuantías de retribucións do persoal a que se refiren os correspondentes artigos da Lei de Presuposto Xerais do Estado para dito exercicio.

Visto que o incremento das retribucións, coas salvedades antes expostas, é do 2%.

O Pleno , por unanimidade,

#### **ACORDOU:**

1º.-Incrementa-las retribucións dos funcionarios, no 2% cantidades que fixa a Lei de Presupostos para o ano 2009.

2º.-Incrementa-las retribucións do persoal laboral,fixo e eventual (Traballadora Social e encargada da Oficina de Información Xuvenil, operario de limpeza de veiravías (tractorista) e operario de servizos múltiples (oficial)), no 2%, cantidades que fixa a Lei de Presupostos para o ano 2009.

3º.-Adicionalmente e envirtude do establecido no apartado 3 do artigo 22 a masa salarial dos funcionarios en activo, experimentará un incremento do 1% excluído produtividade e graficiación, que permita a percepción de 14 pagas o ano 12 ordinarias e 2 adicionais unha no mes de xuño e outra no mes de decembro, dando así cumprimento o establecido no parágrafo 2º da letra d) do artigo 28. Asimesmo a masa salarial do persoal laboral experimentará o incremento necesario para facer posible a aplicación o mesmo dunha cuantía anual equivalente a que resulte para os funcionarios públicos, do acordo co establecido no parágrafo anterior.

4º.-Ó abeiro do establecido no artigo 24, apartado D, fixar a aportación individual ó Plan de Pensións dos Funcionarios, en función do nivel de cada quen, tal como se establece neste precepto, sempre co límite establecido no artigo 22. 4).

5º.-Recoñecer dúas pagas adicionais, para cada funcionario, equivalente ó complemento específico, como se establece no parágrafo 2º do apartado 1.D) do artigo 28, que se cobraran unha en xuño e outra en decembro.

6º.-Establecer para o exercicio 2009 as cuantías da contribución individual ó plan de pensións de cada funcionario ou persoal laboral fixo, así como a Traballadora Social, según establecido no apartado un d) do artigo 24.

7º.-O acordado anterior baséase na Lei de Orzamento do Estado para o 2009, ó estar recollido dentro desta Lei as retribucións dos funcionarios e persoal laboral das Administracións Locais.

8º.-Incrementarlle a D. Jesús Arias López, encargado do Xulgado de Paz, no 2% a gratificación aportada polo Concello, sin que a mesma teña ningún carácter de vinculación laboral, pasando a percibir 479,77 € mentres sexa compatible coa actual lexislación vixente, en materia de retribucións das Administracións Públicas.

9º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **10º.-CONSTRUCCIONES CLELIA, S.L. : URBANIZACIÓN FINCA VALDRIZ (CESIÓN).**

Visto que a rexistradora encargado do Rexistro de Sarria devolveu a escritura de cesión urbanística nº 825 otorgada por D. Alberto Rodríguez Alonso, en representación da sociedade limitada unipersonal “**Construcciones Clelia S.L.**” ó non ser aceptada previamente polo Concello, debido a que esta cesión tiña cargas.

Visto o escrito presentado por D. José Soto López, como Presidente da Asociación “Playas de Valdriz”, polo que solicita ó Concello para que autorice a colocación dos contadores de auga, para solucionar o problema de que se poda ver o consumo individual de cada veciño.

O Pleno por unanimidade,

#### **ACORDOU:**

1º.-Dirixirse ós Servizos Xurídicos da Excma. Deputación de Lugo, ó obxecto de que en nome e representación deste Concello defenda os seus intereses por vía xudicial contra as persoas tanto físicas como xurídicas, así como organismos públicos que inscribiron cargas sobre vías, zonas verdes e dotacións recollidas no proxecto de urbanización e no proxecto do plan parcial de “Playas de Valdriz” ó entender este Concello que ditos bens son inembargables.

2º.-Conceder licenza de entronque de auga para tódalas vivendas existentes na urbanización, coas seguintes características:

a) Licenza definitiva de entronque, para os titulares que dispoñan do boletín de entronque autorizado por Industria, previo pago dos dereitos de entronque regulados na ordenanza municipal de 90,15 €por aboadado.

b) Licenza provisoria por un prazo de **seis meses** para os propietarios que nin dispoñan do boletín de enganche autorizado por Industria, debendo estes solicitar o entronque definitivo unha vez que dispoñan deste boletín, pagar o entronque, ou en caso contrario cortarse o suministro.

c) Tódolos entronques con contador deben estar instalados no prazo máximo de quince días.

3º.-Trascurrido este prazo cortarase a auga de obra de maneira total.

4º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **11º.-ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL SOBRE O RÍO SARRIA EN RONFE (LÁNCARA-LUGO).**

Vista a acta de recepción da obra “construcción dunha pasarela peonil sobre o río Sarria en Ronfe”, suscrita pola empresa constructora, o director da obra e o representante da administración.

Visto que a obra se executou de forma adecuada e segundo se contemplaba no proxecto.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

Recibir dita obra e facerse cargo do seu mantemento a partir desta data.

### **12º.-EXPEDIENTE “REPARACIÓN PONTÓN SOBRE REGATO DA CARBALLOSA EN SOUTO E REXENERACIÓN DE FIRMES NOS NÚCLEOS DE TOLDAOS, BANDE, OUTEIRO, QUINTAS, VILLOUZAN, RÍO, CASANOVA E PEREIROCEDO, NO CONCELLO DE LÁNCARA.**

Visto o expediente epigrafiado.

Visto o acordo Plenario de data trinta e un de xullo de dous mil oito.

Aberto o debate por parte de D. Eladio Capón López, voceiro do P.P., pon de manifesto que esta de acordo en que se reciban as obras, pero non como figura no expediente, senon que se recollan as que realmente se fixeron e se exclúan as que non se fixeron, xa que a obra de Río e de Viollouzan non se executaron, e posiblemente se substituíron por outras.

Por parte do Sr. Alcalde propón que se acorde solicitar informe ó director da obra aclarando as obras feitas e as obras excluídas.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Non recibir as obras en base o que queda exposto anteriormente.

2º.-Solicitar informe ó director das obras no que se aclaren as obras feitas e as excluídas, ó obxecto de poder recibir únicamente as obras feitas, incluídas as que se aumentaron, pero non as non executadas.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**13°.-ESCRITO DE JESÚS NÚÑEZ TREBOLLE, SOBRE DENUNCIA Ó SEU CONVECÍÑO DON JOSÉ LUIS PÉREZ GONZÁLEZ.**

Visto o escrito epigrafiado.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

Nomear unha comisión para ir sobre terreo, que o día da visita debe coincidir cun Xoves, constituída por:

Sr. Alcalde.

Representante do PSG-PSOE D. Celestino Rodríguez González.

Representante do TEGA D. Carlos Fernández Díaz.

Representante do P.P. D. Eladio Capón López

Representante do BNG D. Carlos S. Sierra López.

Comisión que deberá estar asesorada polos técnicos :

Dª Mercedes Maseda Martínez.

D. Marcos Vázquez Marey.

**14°.-CÁMARA DE LUGO, ESTATUTOS DO PATRONATO PROVINCIAL DE TURISMO.**

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que antes de aprobar o Estatuto debese ter un amplo coñecemento dos cometidos, dereitos e obrigas que se derivan dos mesmos.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

Nomear representante do Concello para asistir ás xuntanzas que se poidan celebrar o Sr. alcalde D. Dario A. Piñeiro López.

**15°.-ESCRITO DE JOSÉ CASTRO TORRES, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN COTO SANTA BARBARA, SOLICITANDO SUBVENCIÓN ECONÓMICA.**

Visto o escrito epigrafiado .

Visto que tamen se lle deu unha subvención ó coto de Lamagrande.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

Concederlle ó coto Santa Barbara unha subvención de 400,00 € debendo xustificar o dobre , data límite de xustificacón o 28 de febreiro de 2009. Debendo presentar xustificantes de estar ó corrente de pago coa Seguridade Social e Axencia Tribuaria .

**16°.-DAR CONTA DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALIZA, RECURSO 0004431/2008.**

Vista a sentenza epigrafiada.

Visto que segundo esta sentenza é preceptivo indemnizalos por despido improcedente, a parte de aboar os atrasos ou readmitilos a razón de dúas horas á semana, cada un .

Visto que foron readmitidos.

Visto que é urxente facerlle un contrato laboral por catro horas semanais, durante dous días.



Visto que este persoal si o solicitan e si o consideran oportuno deben prestar a súa labor formativa os gaiterios de Láncara, debendo aboar a maiores o desprazamento de Pobra a Láncara.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU**

1º.-Darse por enterado de dita sentenza .

2º.-Que se lle solicite a documentación necesaria para dalos de alta na Seguridade Social a D. Carlos Mendez Castro e D. Carlos Méndez López.

3º.-Iniciar a posta en marcha dunha escola de música , de forma urxente.

4º.-Facultar ó Sr. Concelleiro de Cultura D. Celestino Rodríguez Gonzalez, para coordinar este servizo.

5º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **17º.-MOCION DA ALCALDIA SOBRE RECOÑECIMIENTO A “EL PROGRESO” CON MOTIVO DO SEU CENTENARIO.**

Vista a moción do Sr. Alcalde que copiada literalmente di:

“ E X P O N: Que recentemente o diario “El Progreso” cumpriu o seu centenario.

Ó ser o único medio de comunicación que durante un século se dedicou a facer exclusiva a información sobre os feitos e eventos da provincia de Lugo, acercando desta maneira a información tanto ó medio rural como ó medio rústico de toda a provincia.

Este Alcalde considera que é hora de que por parte dos Poderes Públicos e en concreto das Corporacións Locais de que selle recoñeza de forma explícita o mérito que este medio de comunicación tivo durante un século para toda a provincia de Lugo.

En base a todo canto antecede propón ó Pleno que se tome acordo recoñecendolle e felicitando ó medio de comunicación escrito “El Progreso” a gran labor prestada durante dito período, facendo unha homenaxe este medio de comunicación.”

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Prestar aprobación a dita moción.

2º.-Ratificar a entrega da praca feita anteriormente polo Sr. Alcalde con motivo desta homenaxe.

### **18º.-MOCIÓNS :**

**A)PSOE:**

**-DARIO A. PIÑEIRO LÓPEZ , PARA INSTAR ÁS EMPRESAS SUMINISTRADORAS DE ENERXIA ELÉCTRICA DO CONCELLO Ó ACONDICIONAMENTO E RESTRUCTURACIÓN DO ALUMEADO ELÉCTRICO.**

Vista a moción epigrafiada.

Visto que a gran maioría dos problemas que sufriron os usuarios da enerxía eléctrica de Galicia, e de forma especial os do Término Municipal de Láncara, foron polo mal estado de conservación e mantemento das liñas eléctricas , ó non estar en moitos casos as zonas de afección limpas de ramas e árbores.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Prestar aprobación a dita moción.

2º.-Dar traslado deste acordo á Consellería de Industria, ó obxecto de que obrigue as empresas suministradoras de enerxía eléctrica a ter as liñas en debido estado de conservación para garantir un suministro adecuado a tódolos usuarios e evitar no sucesivo feitos como os que sucederon recentemente, debendo estar estas liñas sen árbores no seu entorno para o cual estas empresas de forma directa ou subvencionada pola Xunta paguen tódalas árbores que sexan necesario talar para protexer estas liñas.

3º.-Igualmente comunicar este acordo a Unión Fenosa e Electrica Valdriz , para que procuren ter as liñas de suministro de enerxía eléctrica en bo estado de conservación e matemento das franxas de protección limpas de ramas e árbores, para así garantir un adecuado suministro de enerxía eléctrica os usuarios que por suposto pagan para ter este servizo, adaptado o suministro as necesidades do século XXI ó igual que xa se fixo co precio.

4º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**-ARTURO SOBRADO CASTRO, SOBRE CREACIÓN DUNHA COMISIÓN FORMADA POR TÓDOLOS GRUPOS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL PARA RETOMAR O PROXECTO DA ESTRADA DE LÁNCARA.**

Vista a moción epigrafiada.

Polo Concelleiro que presentou esta moción manifesta que propón deixalo sobre a mesa ó ter coñecemento que neste intre a Sr<sup>a</sup>. Concellería teno sobre a mesa para tratar con carácter prioritario.

O Pleno dase por enterado desta proposta.

**-ARTURO SOBRADO CASTRO, SOBRE AXUDA ECONÓMICA A ESTUDIANTES DE LÁNCARA QUE SE TRASLADEN FORA DO CONCELLO PARA REALIZAR ESTUDOS.**

Vista a moción epigrafiada.

Visto que antes de conceder estas axudas debe reunirse unha comisión que se nomeará para tal efecto, para evaluar as solicitudes e ver a situación económica de cada familia.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU, fixar como cantidade límite para esta finalidade a contemplar no presuposto do presente exercicio a de 10.000,00 €

**B) P.P.:**

**-MOCIÓN DE ANDRES CABALLERO , SOBRE CREACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.**

Vista a moción epigrafiada.

Por parte do Concelleiro do P.P. D. Andres Caballero manifesta que considera necesario que se cree a Mesa de Contratación onde están representados tódolos grupos políticos que compoñen esta Corporación,.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que considera que é o Alcalde máis democrático da provincia e posiblemente de todo Galicia e España, porque debe ser o único Concello onde as obras do Fondo Estatal foron aprobadas polo Pleno e están tódolos partidos políticos representados na mesa de contratación para estas obras.

Ó igual que o ano pasado invitar a tódolos partidos políticos para consensuar os presupostos, incluídas as obras que se recollan no anexo de inversións, polo que en base a o que antecede non estima que sexa necesaria a aprobación desta moción.

Por parte do Concelleiro do BNG manifesta que el apoiará a moción por coherencia e por considerar que a maior transparencia menos críticas.

Sometida o asunto a votación, obtense a seguinte votación:

Votos a favor :5 (4 do P.P. e 1 do BNG)

Votos en contra :6 (4 do PSG-PESOE e 2 do TEGA).

Quedando polo tanto rexeitada a moción.

#### **-MOCIÓN DE ELADIO CAPÓN LÓPEZ, SOBRE MARXINACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO NOS PLANS DO MINISTERIO DE FOMENTO E DA XUNTA DE GALIZA.**

Vista a moción epigrafiada.

Lida dita moción polo Sr. Secretario.

Por parte do Concelleiro do P.P. D. Eladio Capón López manifesta que considera necesario que se aprobe esta moción xa que Lugo está quedando totalmente marxinado no referente á comunicación por vía férrea.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo se asten porque o P.P. en 20 anos que estivo gobernando non se acordou para nada do tres e agora que está na oposición presenta estas mocions.

Por parte do voceiro do BNG maniesta que vai apoiar esta moción porque considera que Lugo debe progresar, independentemente de quen governe.

Sometida o asunto a votación, obtense a seguinte votación:

Votos a favor :5 (4 do P.P. e 1 do BNG)

Abstencións :6 (4 do PSG-PESOE e 2 do TEGA).

Quedando polo tanto a moción aprobada.

#### **-MOCIÓN DE JOSÉ MANUEL NEIRA CASTRO, SOBRE ADICACIÓN DUNHA RÚA EN POBRA DE SAN XIAO A JOSÉ GARCÍA PAREDES.**

Lida a moción polo Sr. Secretario.

Por parte do Concelleiro D. José Manuel Neira Castro, pon de manifesto que moi poucas persoas merecen levar o nome dunha rúa , que no caso do Sr. José García Paredes “Churrillo” polo seu traballo e esforzo para que a Pobra de San Xiao tivera un crecemento considerado e contara cunha residencia para a terceira idade.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que está dacordo que é unha persoa que merece levar o nome dunha rúa e lle parece adecuado que a rúa sexa a que está xunto do Cemar, dentro da urbanización proxectada por él, non obstante é un tema que debe

quedar sobre a mesa mentres non se escribire o solar adxudicado ó Concello.

Por parte do Concelleiro D. José Manuel Neira Castro replicaselle que na súa opinión ningunha da familia se opuxo a que dito solar se escribire, ademais o Sr. García Paredes non pode facer nada ó estar finado, pero son dous asuntos totalmente distintos que non se deben vincular nin condicionar, polo que non está dacordo con esa proposta.

Despois de deliberar longamente sobre este asunto, propoñendo o voceiro do BNG D. Carlos López Sierra, que considera interesante que este asunto se aprobe por unanimidade, xa que adicarlle unha rúa algen debese facer co voto a favor de todos, polo que propón que se chegue en consenso.

Por parte do Sr. Alcalde pregunta si todos están dacordo en que cando se escribire o solar correspondente o 10% do solo urbano, que se lle poña xa o nome da Rúa José García Paredes.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Deixar sobre a mesa si ben a Rúa colindante polo norte co solar establecido para compensar o 10% o Concello e polo sur edificio do Cemar chamarase Rúa José García Paredes, a consensuar coa familia o apelativo “Churrillo”.

2º.-Na escritura pública na que se faga a cesión ó Concello deste terreo xa se poñerá este nome a Rúa.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **-MOCIÓN DE ELADIO CAPÓN LÓPEZ, SOBRE PROPOSTA DE NOME A PRAZA PÚBLICA DO CONCELLO.**

Lida a moción polo Sr. Secretario.

Por parte do Concelleiro asignante da moción manifesta que é unha praza pola súa ubicación, tamaño e importancia debese poñer o nome de praza maior de Pobra de San Xaio, na que se debe incluír tamen a Rúa, xa que forman un conxunto

Polo voceiro do PSG-PSOE Arturo Sobrado Castro manifesta que está dacordo de que a praza sexa incluída a Rúa, pero que debido a súa ubicación e polo que el puido averiguar a orixen dos terreos cando se fixo a fábrica das gallegas, que procedían todos de labregos, parecelle máis oportunos que se chame “praza dos labregos” ou “praza maior dos labregos”.

Por parte do Concelleiro Eladio Capón López, non lle parece moi adecuado este nome porque en casi tódolos Concellos existe a praza maior, en Lugo, Sarria, etc.

Finalmente o Sr. Alcalde pon de manifesto que se someterá a votación o nome de “praza maior dos labregos” ou “praza dos labregos”.

Sometido o asunto a votación, obtense o seguinte resultados:

“Praza maior dos labregos”:

Votos a favor: 4 (P.P.)

“Praza dos labregos”

Votos a favor: 6 (3 do PSG-PSOE, 2 TEGA e 1 do BNG, astendose o Concelleiro do PSG-PSOE D. Arturo Sobrado Castro.

Quedandolle por conseguinte o nome de “praza dos labregos”.

**C) BNG.:**

**-MOCIÓN SOBRE A CREACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL.**

Vista a moción epigrafiada.

Por parte do Voceiro do BNG pon de manifesto que é unha reiteración máis deste asunto que o leva reclamando dende fai moito tempo, non porque o persoal se contrate mal, senon porque canto máis transparencia menos críticas.

Por parte do Sr. Alcalde contestaselle que todo o persoal que se contratou para nada se conta a filiación política senon os méritos e incluso no taboleiros de anuncios ponse a puntuación e barémo de tódoo persoal seleccionado, considera que un equipo de goberno debe ter unha certa liberdade á hora de seleccionar o persoal, respetando sempre os principios básicos de selección.

Sometido o asunto a votación:

Votos a favor 5: (P.P. e BNG).

Votos en contra 6 (PSG-PSOE e TEGA).

Quedando por conseguinte rexeitada a moción.

**-MOCIÓN SOBRE A SITUACIÓN DO CAMIÑO QUE UNE LÁNCARA CON SOBRADO, NO TRAMO DA ENTRADA Á PEDREIRA.**

Vista a moción epigrafiada.

Visto que se trata de facer un muro duns 50 m. para evitar que se desplome materiais sobre o camiño.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

Prestar aprobación a moción, consturir o muro e recoller o custo desta obra no orzamento do presente exercicio ou nunha obra comunitaria.

**DECLARACIÓN DE URXENCIA:**

Previa especial declaración de urxencia, feita co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros que integran a Corporación, prevista no artigo 82.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e artigo 213 da Lei 5/1997, Lei 22 de xullo de Administración Local de Galicia, por votar a favor de dita declaración os once Concelleiros que asistiron á sesión.

**DENUNCIA DE DON JUAN A. RODRÍGUEZ LÓPEZ Ó VALEDOR DO POBO.**

Vista a denuncia epigrafiada.

Visto que a maior parte das pretensións do denunciante son de carácter civil, ademais de que cando solicita que se limpen os camiños, el e o primeiro en non limpar os mesmos.

Vista a contestación dada polo Sr. Alcalde ó Valedor do Pobo, en relación con este expediente.

Visto que parte do camiño de Castrodello a Cancela nun puido ser limpo pola desbrozadora municipal, en base a que os veciños non cortaron as ramas.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Ratificar a contestación dada polo Sr. Alcalde ó Valedor do Pobo.

2º.- O asunto da auga ten un carácter privado, polo que o Cocnello non pode intervir nese asunto.

3º.-Comunicarlle a tódolos propietarios de árbores que teñan ramas que impidan o tránsito polo camiño que deben cortar as mesmas nun prazo de 20 días dende que reciban a notificación deste acordo, para o caso de non facelo encargar estes traballos a un maderista e repercutir o custo a cada propietario, en función das horas empregadas en cortar as ramas da súa propiedade que invaden o camiño.

4º.-Dar traslado deste acordo ó Valedor do Pobo para que o incorpore ó expediente.

5º.-Facultar ó Sr. alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**MOCIÓN DO CONCELLEIRO DON CELESTINO RODRÍGUEZ GONZALEZ, SOBRE A FESTA DA XUVENTUDE A CELEBRAR O DÍA 2 DE MAIO COA FESTA DOS MAIORES.**

Vista a moción epigrafiada.

O Pleno por unanimidade

ACORDOU que o día 2 de maio se celebre a festa da xuventude ademais da festa dos maiores .

**19º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**PREGUNTAS:**

**Por parte do Concelleiro D. Andres Caballero :**

¿Por qué non se realizaron os traballos de rexeneración da estrada de Pobra-Muro e de Sta, Mª de Lama a Mourillón?.

Respostalle o Sr. Alcalde que os traballos de rexeneración de Pobra-Muro tiña que facelo a Deputación pero a empresa que leva o mantemento das vías provinciais era Bascuas e deixouno, polo que mentres non contraten este mantemento non se pode facer.

E a de STª Mª de Lama a Mourillón, porque neste tempo non se pode traer o equipo de refogado da Deputación pois non serviría de nada facelos.

Preguntalle ó Sr Alcalde ¿Si está preparado para cumprir o pacto asignado entre TEGA e vostede?.

O Sr. Alcalde respostalle que en principio estase cumprindo , xa que están gobernando , cando chegue o momento saberase o que pasa.

Por parte do mesmo concelleiro formula a mesma pregunta para os concellerios do TEGA. ¿Qué esixencias pediron en beneficio do Concello de Lán cara, a cambio de apoiar o pacto de goberno?.

Respostandolle o Voceiro do TEGA Carlos Fernández Díaz que chegado o momento soberao, nos temos uns acordos, que se saberan o seu debido tempo. E para o caso de que non se cumpra tamen se saberan as consecuencias.

**Polo Concelleiro D. José Manuel Neira Castro :**

¿A pedra que estaba depositada no Campo da Feira que se retiraron da vía férrea ,para onde foi?.

Respostandolle o Sr. Alcalde que lla pediron para o camiño da Reboleira a Tourelle e un viaxe ou dous para o Camiño de Casaldevito en Muro.

Pregunta novamente este Concelleiro ¿Si a obra do camino de Reboleira a Tourelle foi subvencionada por outro organismo?

Respostandolle o Concelleiro de obras D. Carlos Fernández Díaz, que pola Deputación como unha obra comunitaria.

Insistindo o Sr. Neira Castro que tententendido que foi doutra maneira .

Por parte do Sr. Alcalde pon de manifesto que el como representante do Concello nada ten que ver si a pedra tivo outra finalidade, xa que el deuna para o camiño de Reboleira a Tourelle sin custo algún o Concello é alleo a todo o que puido haber despois.

Por parte do Concelleiro D. José Manuel Neira Castro cree que houbo outras cousas e que foi para máis sitios, esperando que esto se aclare.

Por parte do Concelleiro de Obras D. Carlos Fernández Díaz manifesta ,e que conste en Acta, que a pedra procedente do Campo da Feira non foi para máis sitios.

¿Por qué a empresa Jesús y Páramo esta facendo traballos para o Concello, cando as factura en lugar de facelo todos xuntos porque non os factura por lugares, xa que así serían máis transparentes e máis claras.?

O Concelleiro de obras D. Carlos Fernández Díaz, respotalle que as facturas son claras que nas mesmas aclarase as horas que se empregan en cada lugar e polo tanto o custo, ademais como Concelleiro pode examinalas cando o considere oportuno.

Replicandolle o Concellerío José Manuel Neria Castro que a factura de :

Jesús y Páramo S.L., CIF:B-27229921,FAC. N° 57, materiais para	
Diversos puntos do Concello .....	11.347,33
Jesús y Páramo, S.L. fac. n° 61,CIF:B-27229921, traballos en Saá .....	14.010,48 €
Jesús y Páramo, S.L. fac. n° 63,CIF:B-27229921, traballos no camiño	
De Xunqueira e camiño de Vilela.....	4.684,40 €
Non son claras.	

Que por exemplo son moito máis claras as de Salvador Bande e as de Comercial Luserio.

O Sr. alcalde aclaralle a de 14.010, 48 €que é o formigonado do Camiño de Saá.

Por parte do Sr. Alcalde pon de manifesto que como continuación ós decretos que xa deu conta ó inicio da Sesión, sobre o encargo de materiais por parte desta Alcaldía, a partir desta data tódolos materiais que se suministren para este Concello deben ser encargados polo Sr. Alcalde e sempre acompañados de vale de pedido.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as vinteduas horas corente e cinco minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.